

de 150 m medidas desde o centro do río, segundo queda grafiado no plano correspondente.

4º. A duración da suspensión preventiva que se acorda terá, como máximo, duración dun ano natural, de data a data, unha vez asine o acordo. Como límite mínimo, a aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

5º. Publica-lo presente acordo no BOP e DOG e nos dous xornais de máis difusión.

O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos, en virtude do disposto no Art. 34.1º da Lei do solo de Galicia e lexislación concordante.

Lousame, 6 de abril de 1998.

José Ramón Vidal Castelo
Alcalde

CONCELLO DE SARRIA

Anuncio.

A Corporación Municipal deste concello, en sesión plenaria celebrada o día 24 de abril de 1998, acordou rectifica-lo erro material existente no rotulado do fondo da edificación correspondente á rúa Benigno Quiroga e contido na folla número 5 do plano P/2, das normas subsidiarias de planeamento municipais, corrixindo o rotulado onde figura 16 por 18 e prestar aprobación ó plano corrixido que se xunta co informe do equipo redactor do planeamento.

O que se fai público en cumprimento do disposto no artigo 48 da Lei 1/1997, do 24 de marzo, do solo de Galicia, significando que contra o referido acordo, que esgota a vía administrativa se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses e logo de llo comunicar ó órgano autor do acto, ó que se refire o artigo 110.3ª da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo de que poida exercerse, se é o caso, calquera outro recurso que se considere pertinente.

Sarria, 30 de abril de 1998.

O alcalde
Rubricado

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Resolución do 4 de maio de 1998 pola que se convoca concurso, con procedemento aberto e tramitación urxente, para a subministración de material eléctrico, de comunicacións, de fontanería e equipamento con destino ó servizo de enxeñaría e mantemento da Deputación Provincial da Coruña. (Expediente 98/2608 da Sección de Patrimonio e Contratación).

Obxecto: subministración de material eléctrico, de comunicacións, de fontanería e equipamento con

destino ó servizo de enxeñaría e mantemento da Deputación Provincial da Coruña.

Lugar de execución: deputación provincial.

Prazo de execución: un mes.

Forma de adxudicación: concurso con procedemento aberto e tramitación urxente.

Orzamento: 3.371.134 pesetas desagregado en catro lotes.

Garantía provisional: non se esixe.

Garantía definitiva: 4% do orzamento de licitación de cada lote.

Información: Sección de Patrimonio e Contratación.

Proposición. Data límite: ata as 13 horas, dentro do prazo de 13 días naturais contados desde o seguinte ó da última publicación no BOP ou DOG.

Anuncio extenso: BOP da Coruña.

A Coruña, 4 de maio de 1998.

Augusto César Lendoiro
Presidente da Deputación Provincial da Coruña

c) OUTROS ANUNCIOS

XESTIÓN URBANÍSTICA DA CORUÑA, S.A

Anuncio do concurso de obras de urbanización do parque empresarial de Cereceda.

Orzamento: 156.717.747 pesetas máis IVE.

Clasificación: grupo A, subgrupo 1, categoría b; grupo A, subgrupo 2, categoría b; grupo E, subgrupo 1, categoría a; grupo E, subgrupo 5, categoría b; grupo G, subgrupo 4, categoría c; grupo I, subgrupo 1, categoría a; grupo I, subgrupo 6, categoría a; grupo I, subgrupo 7, categoría a.

O proxecto e prego de bases poderán examinarse nas oficinas de Xestur-A Coruña sitas en Ronda de Nelle nº 12 bis 1º da Coruña das 10 ás 14 horas de luns a venres.

Prazo de presentación das ofertas: 40 días naturais contados a partir da publicación deste anuncio no DOG, e ata as 14 horas do último día. Se este cadra en sábado, domingo ou festivo quedará prorrogado ata o inmediato día hábil seguinte.

Non se admitirán ofertas por correo.

O presente anuncio será por conta do adxudicatario.

Iván Bértolo Cadenas
Xerente